

Organiza:




EXCMO. CONCELLO
L U G O

Colaboran:



Dep. Legal: 450/06 CreaTivo2, S.L.

7^o de Concurso de DEBUXO



O Concello de Lugo co fin de fomentar a educación viaria entre os estudantes e xente nova, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Tráfico e Instituto Mapfre de Seguridade Viaria, convoca o **VII CONCURSO DE DEBUXO DE EDUCACIÓN VIARIA CIDADE DE LUGO**, conforme ás seguintes:

BASES

I. PARTICIPANTES

Poderán participar todos os estudantes ou xente nova residente en Galicia. Establécense as seguintes categorías:
 Categoría A: 1º, 2º y 3º de primaria
 Categoría B: 4º, 5º y 6º de primaria
 Categoría C: 1º, 2º y 3º de secundaria
 Categoría D: 4º de secundaria, 1º e 2º de bacharel
 Categoría E: Educación Especial

II. CONDICIÓN XERAIS

1. Cada autor poderá presentar, como máximo, unha obra (debuxo).
2. As obras presentadas serán orixinais, e non poderán ter participado noutros concursos.
3. Os debuxos poderán facerse en calquera clase de papel, **DE TAMAÑO A3 OBLIGATORIAMENTE (DOBRE FOLIO)**, nunha ou varias cores, en tinta, acuarela, lapis, cera, etc., pero sen empregar medios informáticos.
4. O tema dos debuxos deberá relacionarse coa circulación, seguridade viaria, co seu contorno e coa súa problemática xeral; comportamento do peón, ciclista, motorista e condutor; os perigos da estrada e rúas, a escola e o seu contorno, o escolar como viaxeiro, etc., baseándose nos contidos da educación viaria.
5. A organización non se responsabiliza das posibles roturas ou extravíos de debuxos.
6. Os debuxos premiados nas distintas categorías quedarán en poder do Concello de Lugo.
7. Os debuxos non premiados nas distintas categorías poderanos retirar os autores nun prazo de tres meses dende a finalización da exposición.

III. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación dos debuxos será ata o 17 de ABRIL de 2008, inclusive: Os debuxos poderanse enviar ou presentar en:

- Concello de Lugo (Rexistro Xeral), ronda da Muralla, 197. LUGO
- Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo (Avd. Ramón Ferreiro). LUGO

Para maior información:

982 27 74 22 (Reigosa) - 982 22 32 64 (Sara)
 - Secretaría Técnica: 982 24 25 63 (Ángel)

IV. PRESENTACIÓN DOS DEBUXOS

No dorso do debuxo deben figurar, escritos con claridade, os seguintes datos:

- VII Concurso de Debuxo de Educación Viaria "Cidade de Lugo"
- Nome e apelidos do autor
- Data de nacemento
- Curso que estuda
- Nome do centro onde estuda
- Domicilio particular
- Localidade onde reside
- Número de teléfono de contacto

V. DESENVOLVEMENTO

O concurso da presente convocatoria desenvolverase a través do Concello de Lugo, coa colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Instituto Mapfre de Seguridade Viaria e Dirección Xeral de Tráfico.

O xurado, que estará formado por persoas de recoñecido prestixio no mundo das artes plásticas, seleccionará, entre as obras, aquelas que pola súa calidade e orixinalidade o merezan.

Concederanse tres premios por categoría e os accésit que o xurado considere oportuno, sendo o seu fallo inapelable.

Os premiados serán sabedores da resolución do xurado por correo e telefónicamente.

O 10 de maio de 2008, farase unha exposición dos debuxos premiados, así como dunha selección dos que o xurado considere de maior interese.

A dita exposición estará aberta o público durante dito día.

VI. PREMIOS

Estableceranse os seguintes premios:

1º PREMIO				
A	B	C	D	E
BICICLETA E CASCO	BICICLETA E CASCO	ORDENADOR PORTÁTIL	ORDENADOR PORTÁTIL	BICICLETA E CASCO
2º PREMIO				
A	B	C	D	E
BICICLETA E CASCO	BICICLETA E CASCO	MINICADENA MUSICAL	MINICADENA MUSICAL	BICICLETA E CASCO
3º PREMIO				
A	B	C	D	E
TROFEO	TROFEO	TROFEO	TROFEO	TROFEO

- Diploma a todos os centros participantes.
- Diploma a todos os participantes.
- Trofeo e diploma ao centro escolar con maior participación.
- Trofeo e diploma ao centro con maior calidade artística.
- Viaxe (visita turístico-cultural) o día da entrega para 50 persoas, aos centros premiados en 1º, 2º e 3º lugar en todas as categorías.
- Os colexios premiados poderán visitar: Muralla Romana, Zona Monumental, Catedral, Museo Casa dos Mariscos "Domus Oeanis", Centro Arquelóxico San Roque.